

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DO ENSANCHE B (ULTRAMAR)  
DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2016**

No local da Asociación de Veciños de Ultramar, situado na rúa Sartaña 20-baixo, Ferrol, cando eran as 19:08 horas, comeza a Asemblea de Barrio do Ensanche B, cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	M. Fátima Cupeiro Díaz, traballadora municipal de Participación		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro, pola empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	15	Nº de homes:	9
		Nº de mulleres:	6

**Desenvolvemento da sesión:**

O concelleiro de Participación Cidadá, Alvaro Montes, recibe ós veciños e presenta a Olalla López, asesora técnica e conductora destes procesos participativos. A asesora informa de que asiste a esta sesión Viviana Martínez Álvarez, quen solicitou grava-la sesión con fins de investigación para o departamento de Antropoloxía Social da Universidade de Barcelona; ningún dos asistentes manifesta a súa oposición.

De seguido, da comezo a xuntanza co debate dos seguintes puntos da **orde do día**:

1.- Elección de representantes para a Asamblea de Barrio e para o Consello da Veciñanza

Logo de ve-las candidaturas presentadas para os postos das vicepresidencias da Asamblea de Barrio e dos representantes no Consello da Veciñanza, os asistentes aproban por unanimidade os candidatos, que resultan se-los seguintes:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Luis Rico Castro
Polo tecido asociativo	Natalia Ares López, presidenta da AVV Ultramar

**REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA**

Leopoldo Beceiro Purriños
---------------------------

José Ramón Jove Vidal, pertencente ó Colectivo Veciñal Sartaña
--

## 2.- Presentación dun bosquexo para o Regulamento Interno da Asamblea de Barrio

A asesora explica que se está a repartir un modelo para a redacción dun Regulamento Interno da Asamblea de Barrio. Xa que ten constancia de que a AVV Ultramar dispón dun regulamento interno aprobado en Asamblea de Barrio e que abrangue todos os aspectos recollidos no modelo que se presenta, informa de que non é necesario a elaboración dun novo, xa que é totalmente válido o existente.

## 3.- Demandas e inquedanzas dos veciños do barrio

- Local social máis axeitado
- Mellora da rede de transporte no que atinxer a bicicletas e autobuses
- Maior autonomía dos órganos de Participación Cidadá
- Mellor aproveitamento do espazo nas prazas de aparcamento e no emprazamento dos contenedores de lixo
- Posta en funcionamento de semáforos instalados e sen servizo na estrada de Castela e coordinación en relación cos pasos de peóns. Puntos críticos na confluencia coa rúa Vila Soledad e nas travesías próximas á Gándara
- Control e inspección das licenzas para instalación de veladores (problema das terrazas)
- Superpoboación e concentración de animais en vivendas abandoadas.
- Espazos para cans e control da limpeza de excrementos na vía pública
- Parque biosaudable e local para a terceira idade
- Mellora da rede de saneamento (rede antiga e malos cheiros)
- Saneamento e contaminación da ría (draga e retirada do material depositado no fondo)
- Autobuses urbanos eléctricos
- Limpeza e mantemento de zonas verdes (na contorna do parque Pablo Iglesias e no Bertón)

Agradecendo a presencia dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:55 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística



Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

A traballadora municipal



Asdo.: M. Fátima Cupeiro Díaz